



**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A HABILITACIÓN DUN PROGRAMA DE APOIO AO ACCESO AO FINANCIAMENTO OPERATIVO (ACTIVO CORRENTE) DAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS, SUBSCRITO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), AS SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA E AS ENTIDADES FINANCEIRAS ADHERIDAS.
(Programa Re-solve 2017).**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Area de Financiamento do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar con as sociedades de garantía recíproca galegas e as entidades financeiras que o soliciten o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o convenio ten por obxecto :

definir os termos de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca (SGRs) e as entidades financeiras que se adhiran, para facilitar o acceso ao financiamento operativo (activo corrente) das pequenas e medianas empresas, mediante a habilitación dunha liña de financiamento avalada.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido:

O IGAPE é a Axencia de desenvolvemento rexional de Galicia. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, a promoción de políticas integrais de apoio ás empresas e desenvolver accións dirixidas á mellora da súa competitividade. Nesta liña, pretende dotar as microempresas e pemes galegas de recursos financeiros en óptimas condicións de prazo, tipo de xuro e garantías que lles permitan dotarse da liquidez necesaria para o desenvolvemento da súa actividade.

As sociedades de garantía recíproca teñen como función o outorgamento de avais, a favor dos seus socios ou partícipes para as operacións que estos realicen nas suas actividades empresariais e a prestación de servicios de asistencia e asesoramento financeiro. En Galicia existen dúas SGR, AFIGAL e SOGARPO, que actúan nas provincias de A Coruña e Lugo a primeira, e Ourense e Pontevedra a segunda. Estas SGR teñen avalado historicamente ós seus socios por un importe total de preto de 1.800 millóns de euros. Sogarpo e Afigal, veñen desempeñando dende a súa creación a tarefa de prestación de avais ante entidades financeiras, aglutinando ata o momento a

práctica totalidade das operacións de afianzamento por SGR que se fan ás pemes en Galicia, de todos os sectores de actividade.

As SGRs, ríxense polos seus estatutos, pola Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca,, polo Real Decreto 2345/1996, de 8 de novembro, relativo as normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das SGRs e demais normas complementarias.

A Xunta de Galicia e o IGAPE participan , xunto coas entidades financeiras e outras entidades, como socios protectores nas ditas sociedades dende a súa creación, ostentando, a data da presente memoria, o 27,4% do capital de socios protectores de Sogarpo e o 22,7% do capital de socios protectores de Afigal.

Por outra banda, as entidades financeiras como facilitadores do crédito constituen o elemento clave ,ao ser quen es canalizan as solicitudes viables , ante o Igape e as SGR, na procura dos apoios en forma de garantía. Por outra banda, non debemos esquecer que a súa implantación territorial resulta moi importante para a difusión e xestión do programa.

Que a necesidade e oportunidade do convenio, baséase no seguinte:.

Nos últimos tempos as dificultades para acceder ao financiamento converteuse no principal problema de moitas pemes, detectándose as esixencias de garantías, coma un dos principais obstáculos.

Neste senso, o Igape optou nos últimos anos por apoiar, mediante axudas en forma de garantía, o acceso ao crédito, promovendo liñas específicas que as reforcen ante as entidades financieras. Tendo en conta , ademáis, que a principal causa que move as pemes a solicitar crédito, e a de financiar o activo corrente, parece convinte continuar cos apoios ao acceso ao financiamento operativo , prestados polo Igape dende o ano 2009 a través do Plan Resolve. Nesta liña propónse continuar cos apoios do Igape consistentes no reaval de ate o 25% ante as Sociedades de Garantía Recíproca galegas e o abono , en concepto de compensación das establecidas nos artigo 13.2m) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, dun 2 % do principal dos prestamos formalizados que contén con resolución de concesión do Igape.

O outorgamento de reavais , ampárase no Decreto 302/1999 do 17 de novembro, que modificou o Decreto 284/1994 de regulamento de avais do Igape, en virtude da cal o Igape, renunciando ó beneficio de excusión, poderá reavaluar, ante as sociedades de garantía recíproca domiciliadas en Galicia (SGR), o risco que estas asuman como primeiras avalistas por aquelas operacións acollidas ós programas de fomento empresarial que para tal efecto se aproben. Neste tipo de operacións de reaval, conforme recolle a citada modificación, será o Igape quen responderá dos falidos que se é o caso se produzan, con cargo á dotación orzamentaria para tal efecto habilitada, a diferenza dos restantes avais do Igape que obrigarán á Tesourería da Comunidade Autónoma.

Estas axudas do Igape para o apoio ao acceso ao financiamento operativo das pemes (activo corrente), necesitan da instrumentación dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, pola necesidade de definir e articular as funcións a realizar por cada un deles no proceso de concesión do financiamento avalado.

Que o convenio de colaboración ben demostrando o seu impacto económico en exercicios pasados e prevese un incremento no impacto de cara a futuro.

Dende o ano 2009, o Igape concedeu reavais ante SGR polos programas RE-Solve, Re-Solve+, de apoio ao circulante por un importe de 22 millóns de euro, o que supoxo mobilizar financiamento as pemes por 89,7 Millóns de euros. Este tipo de operacións prestentas as seguintes características:

-Risco moi diversificado: 2.813 reavais concedidos, con un importe medio de reaval por operación de aproximadamente 7.720 €.

-Beneficiarios predominantemente pequenas empresas e microempresas.

-Risco compartido con Sociedades de Garantía Recíproca e Entidades Financeiras, representando o risco por reaval unha porcentaxe baixa da operación financeira.

Tendo en conta, a evolución do programa e os retos plantexados polas SGR de incrementar o volume de negocio en torno ao 30% de promedio durante os próximos anos, e recuperar os niveis previos á crise no volume de risco, estímase un volume de operacións financeiras a formalizar ao amparo da presente convocatoria de 15.000.000,00 € para unhas 300 pequenas e medianas empresas, fundamentalmente microempresas e autónomos.

Que o convenio proposto, cumpre os requisitos de validez e eficacia establecidos no artigo 48 da Lei 40/2015 de réximen xurídico do sector público.:

O Igape, como ente de dereito público e no ámbito das súas competencias, pode suscribir convenios con outras entidades públicas e privadas. Estas axudas do Igape para o apoio ao acceso ao financiamento operativo das pemes (activo corrente), necesitan da instrumentación dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas. Aismesmo o Decreto 302/1999, do 17 novembro, polo que se modifica o Decreto 284/1994 de regulamento de avais do Igape, e a Orde da Consellería de Economía e Facenda de 17 de decembro de 1999 e Orde da Consellería de Economía e Industria do 27 de agosto do 2009 (DOG nº 173, do 3 de setembro), permiten ao Igape, renunciando ao beneficio de excusión, reavalarse ante as sociedades de garantía recíproca domiciliadas en Galicia, o risco que estas asuman como primeiras avalistas por aquelas operacións acollidas aos programas de fomento empresarial que para tal efecto se aproben.



O convenio será suscrito polo presidente ou director do Igape e supón unha fórmula eficaz de asignación dos recursos públicos pois supón un efecto multiplicador importante, xa que unha dotación orzamentaria de 675.000 €, suporá a mobilización de 15 Millóns de euros a favor das pequenas e medianas empresas beneficiarias.

Os fondos mobilizados axústanse á lexislación orzamentaria.

O convenio perfeccionase coa firma de todas as partes.

Que o obxecto do convenio, a colaboración na prestación de servizos financeiros a favor de pemes , esta excluído da regulación establecida no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público en virtude do artigo 4.1.f).

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 50 da Ley 40/2015 de réximen xurídico do sector público, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.